

Proxecto Voz Natura

"MUIÑADA NO CRA"



Curso 2017-2018

CRA Boqueixón-Vedra

INDICE:

1. Título
2. Xustificación
3. O Contorno
 - 3.1 O Centro
 - 3.2 A Bisbarra
 - 3.3 Recursos humanos e materiais
4. Obxectivos
5. Contidos
6. Contribución deste proxecto á educación
7. Metodoloxía
8. Actividades
9. Plan de Avaliación
10. Presuposto

1. TÍTULO

“MUIÑADA NO CRA”

2. XUSTIFICACIÓN

Xa levamos sete cursos participando no programa Voz Natura, diferentes proxectos que nos axudaron a concienciarnos polo coidado do noso entorno, respectando todas as riquezas que temos, e dándonos conta de que o que facemos hoxe terá a súa repercusión mañá. Aprendemos cousas sobre o río Ulla, sobre as árbores que temos preto, sobre o consumo da auga e o papel na escola, sobre a reciclaxe, sobre as enerxías renovables, sobre a importancia e conservación da nosa horta en particular e sobre o coidado e consumo da natureza en xeral e ata todo o que poden dar de sí al legumes. Deste xeito, este ano chegamos a un proxecto no que consideramos que o noso centro o vive e goza no seu día a día, nada máis e nada menos que un proxecto sobre o patrimonio etnográfico. No nosos caso, versará sobre espazos medioambientais orientado a protexer o patrimonio cultural vinculado coa auga, en concreto centrarémonos nos bens materiais do noso entorno que son máis representativos da cultura e modos de ser da nosa zona. Así, coñeceremos e traballaremos sobre as fontes medicinais, lavadoiros, muiños, fervenzas e corgos.

Dada a nosa cercanía ao río Ulla e a estreita relación que existe entre as nosas escolas e este río en particular e a auga en xeral. Neste proxecto convidaremos a redescubrir na auga múltiples utilidades e funcións:

- A auga como vida, en función de supervivencia da humanidade e dos demais seres vivos e como dereito básico da auga potable.
- A auga como un servizo de dereito dos cidadáns como ben sendo o servizo da auga e o saneamento.
- Unha terceira función sería a auga dende un criterio que permita xestionar os problemas de escasez e contaminación que a sociedade xenera.
- Por último, traballaríamos o impacto que produce na sociedade os malos usos da auga.

Tampouco nos esqueceremos da parte lúdico-festiva e saudable que envolve a relación do ser humano coa auga, coñecendo algúns dos beneficios que as augas medicinais nos aportan, diferentes mitos e

lendas en canto a fontes e todo iso dentro do territorio que abarca o noso CRA.

Todo isto porque por todos é sabido que Galicia é unha terra de muíños e non podería ser doutro xeito nas terras do Ulla. A cantidade de ríos e regueiros para exercer de forza motriz dos muíños e a dispersión do territorio fixeron posible esta afirmación. Deste xeito, atoparemos muíños principalmente hidráulicos, de río, destinados a moer o gran para facer a imprescindible fariña e posteriormente o pan, alimento tan esencial e prioritario ao longo dos anos, da zona na que nos atopamos.

Deste xeito, levaremos a cabo unha extraordinaria viaxe polos tempos dos nosos antergos ata o día de hoxe, como as cousas foron cambiando e como outras se seguen conservando.

Por todo isto, consideramos un proxecto moi enriquecedor para o noso alumnado, dende o punto de vista do coñecemento, coidado e respecto do entorno e mesmo tendo en conta a riqueza que ten a zona sobre os bens materiais, os cales xa expuxemos ao comezo desta xustificacón.

3. O CONTORNO

3.1. O CENTRO

O noso centro trátase dun centro público encadrado dentro dos Centros Rurais Agrupados de Galicia composto por 8 unidades, cinco delas situadas no Concello de Vedra e 3 en Boqueixón. Dispoñemos de 6 escolas, xa que as situadas en Sarandón e S Xián, posúen dúas unidades cada unha. A ámbalas dúas escolas únense a unidade de San Fins de Sales (pertencentes a Vedra) Camporrapado, Sergude e Lestedo (en Boqueixón).

Forman o noso claustro un total de quince mestres, 8 titores (7 de educación infantil e 1 de primaria) e 7 especialistas (FI, AL, EF, EM, Form. Relix.(actuará como coordinadora do proxecto) PT e Apoio a E.I.) e a maiores a directora que temos con conciliación por cargo directivo, desempeña labores de mestra de apoio e tamén imparte a materia de Art. En canto ó número de alumnos/as do noso centro son un total de 113, repartidos do seguinte xeito:

	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA		TOTAL
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	1º PRIMARIA	2º PRIMARIA	
SAN FINS	5	4	0	1	4	15
SAN XIÁN	8	4	8	2	6	28
SARANDÓN	9	2	3	0	7	21
SERGUDE	6	7	4	0	0	17
CAMPORRAPADO	5	7	3	0	0	15
LESTEDO	6	9	3	0	0	18
TOTAL	83			20		113

3.2. A BISBARRA

O noso centro ten unha peculiaridade moi especial, xa que pertencemos a dous concellos limítrofes entre si, de xeito que para ubicarnos imos a describir as principais características dos concellos de Boqueixón e Vedra.

O Concello de Boqueixón está situado a 10Km. escasos de Santiago de Compostela, no sur da provincia da Coruña e no centro-oeste de Galicia. Situado na vertente dereita do río Ulla, limita cos seguintes concellos: ao norte con Santiago e O Piñeiro; ao sur con Vedra, Estrada e Silleda; ao este con Touro e Vila de Cruces e ao oeste con Santiago e Vedra. Conta cunha superficie total de 70 Km² ao longo dos cales se distribúen as catorce parroquias que confórmano:

Codeso, Donas, Gastrar, A Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sergude, Sucira, Vigo e Boqueixón, situando a capital municipal nesta última parroquia e concretamente na aldea de Forte.

POBOACIÓN E ECONOMÍA: A poboación coa que conta o de Concello de Boqueixón é dun total de 4.470 habitantes, unha densidade de poboación de 63,28 hab./km.

A estrutura socioeconómica do concello mostra uns trazados propios dunha área rural cun importante índice de persoas dedicadas á agricultura e gandería, un elevado número tamén se dedica á construción e manufacturación, quedando en terceiro lugar o sector servizos.

O concello de Vedra está situado no corazón do Val do Ulla, no límite con xeográfico da provincia da Coruña, co río Ulla como fronteira natural. Os veciños concello de Santiago e Boqueixón lindan con el polo N., A Estrada faino polo S. e polo L., e Teo polo O.

As principais vías de comunicación que atravesan o seu territorio son: a N-525 Santiago-Ourense que, en Ponte Ulla enlaza coa estrada que vai de Arzúa a Padrón (LC-241), e a Autoestrada Santiago-Ourense, que ten unha peaxe na parroquia de San Mamede de Ribadulla.

A superficie do Concello é, aproximadamente, duns 52 km² , distribuídos en 12 parroquias:

San Xián de Sales, Santo André de Illobre, San Fins de Sales, Santa Eulalia de Vedra, Santo André de Trobe, San Pedro de Sarandón, San Miguel de

Sarandón, San Cristovo de Merín, San Pedro de Vilanova, San Mamede de Ribadulla, Santa Cruz de Ribadulla e Santa María Madalena de Ponte Ulla; nas que habitan 5.054 habitantes (censo de 2002). A capital municipal encóntrase na parroquia de Vedra, na Avda. Mestre Manuel Gómez.

Variadas empresas teñen cabida neste concello coruñés, o que favorece a creación do futuro Parque Empresarial da Gaiosa. Os avances da industria, xunto coa evolución dos sectores servizos e primario, coa horta como referente da agricultura ecolóxica e da produción integrada, son o resultado dun concello elemental como é Vedra.

RIO ULLA.

É o río máis importante que pasa polos dous concellos dos que formamos parte é o río Ulla, que tamén é o segundo máis importante de Galicia despois do Miño-Sil. O río aparece no concello de Boqueixón polas chamadas Illas de Gres na parroquia de Ponteledesma e no Concello de Vedra pola parroquia de Ponte Ulla, no paso de San Xoan da Cova. O tramo do río que pasa pola nosa zona é o tramo medio. Vedra é Boqueixón quedan na marxe dereita do río cara a súa desembocadura. Os seus afluentes que discorren polo concello de Vedra son:

- Regueiro de Tomonde (San Mamede de Rivadulla)
- Regueiro de San Gregorio(San Mamede de Rivadulla, San Pedro de Vilanova e Merín)
- Regueiro de Buxeiros (Vedra e San Pedro de Sarandón)
- Río Pereiro(San Fins de Sales, Vedra e Trobe)
- Río de Santa Lucía (San Xián de Sales e Santo André de Illobre).

Os afluentes do río Ulla que pasan polo concello de Boqueixón son os que seguen:

- Río Sanguineiras ou Carballas (Gastrar e Camporrapado)
- Río Pontillón (Sergude, Ardilleiro, O Forte)
- Río Záramo (Sergude). Este río é o Pereiro que pasa polo Concello de Vedra.

No tramo do río Ulla que pasa pola nosa zona existe un só coto de pesca, O Coto De Ximonde, no cal proximamente se ubicará unha aula de natureza. O lugar no que se asenta era antes un muíño que pertencía ao marqués de Ximonde, que o cede como refuxio de pescadores. Dende o ano 1993 estableceuse alí unha estación ictiolóxica(a única do río

Ulla) na que se dedican a conservación do río e ao estudio da calidade do peixe.

- **Flora.** A vexetación da ribeira, tamén chamada vexetación “riparia”, está formada por especies vexetais que de forma natural se sitúan nas marxes dos leitos dos ríos. Tódalas especies que encontramos na ribeira teñen unha función importante.
- **Fauna.** De entre as especies que existen no río Ulla destaca pola súa importancia o salmón, que é un peixe de mar que vén o río a desovar, pero tamén podemos atopar troitas, reos, escalos,anguías, lampreas.

Tamén hai outras especies fóra dos peixes de especial importancia como son: a rá ibérica, tritóns, pínegas, lontra, mexillóns de río, caracois de río, zapateiros, cabaliños do demo, libélulas, o martín pescador, o merlo acuático, a garza real....

- **Arquitectura da auga.** Tanto no concello de Vedra coma no de Boqueixón hai infinidade de construcións relativas a auga: muíños, pontes, fontes e lavadoiros, presas, embalses,....

3.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Neste punto presentaremos unicamente aqueles recursos estruturais, materiais e humanos que revistan certa importancia para a planificación da nosa acción dinamizadora. Consideramos que temos moito que aportar a este proxecto xa que mesmo contamos con rutas dos muíños en ámbolos dous concellos, numerosas fervenzas moi destacables, caben destacar en canto ao patrimonio termal da zona, unha fonte en cada concello, corgos e lavadoiros moi ben conservados.

A. RECURSOS DO CRA

As instalacións

Todas as escolas do CRA, están emprazadas en edificios de dúas plantas; sitúanse nas mesmas tódalas dependencias. Ademais das aulas correspondentes ás clases existentes, hai outras dependencias

dedicadas a aulas de psicomotricidade ou como sala de audiovisuais; e incluso como “patio cuberto” os días de mal tempo.

Os edificios están rodeados polo patio, as zonas verdes e o parque infantil. Nalgunhas das escolas son moi amplos e noutras máis ben pequenos, pero en todos eles pode ser asumible calquera tipo de actividade lúdica ou de carácter motriz.

Material didáctico, multimedia e recursos das TICs.

Contamos cun EDI en cada escola con canón para proxector e portátil. Non tódalas escolas teñen reprodutor de vídeo ou DVD, pero fano a través dos reprodutores dos ordenadores portátiles no EDI. Temos ordenadores de mesa en tódalas escolas. Asemade, os nenos poden traballar e disfrutar con unha tablet por escola e contamos con acceso á internet en tódalas escolas do CRA.

Recursos humanos

Ademais da participación e colaboración de tódolos docentes deste centro, contamos coa axuda do equipo de dinamización e promoción municipal de ámbolos dous concellos; dos cales, o do concello de Vedra, conta con materiais e recursos sobre a auga dentro do programa educativo Ulla Virtual.

Así mesmo contamos coa vinculación das familias, xa que contamos con pais do centro que traballan na Consellería de Medioambiente.

4. OBXECTIVOS

Os obxectivos dividímolos en dous aspectos: ecolóxicos e sociais. En canto aos obxectivos ecolóxicos, tratarán sobre a conservación e posta en valor de todos os ben materiais que posuímos na zona, conservación das especies autóctonas e eliminación doutras especies invasoras.

No que a obxectivos sociais se refire, ao longo do curso e para levar a cabo con éxito, deste proxecto, intentaremos sensibilizar ao alumnado para que estén predispostos ao coidado do seu entorno, fomentar

valores sobre o coidado da natureza e sobre a importancia e valor de todo o patrimonio etnográfico que posuímos na nosa contorna. En canto aos obxectivos xerais, teremos en conta os seguintes aspectos:

OBXETIVOS

- **Facilitar a aprendizaxe con actividades que relacionen os coñecementos previos cos novos ampliando os mesmos a partir da experiencia.**
- **Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.**
- **Fomentar o traballo en equipo.**
- **Apreciar a importancia dos ben materiais para a conservación do patrimonio etnográfico**
- **Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubrindo as súas leis para aproveitar as súas riquezas.**
- **Coñecer no entorno o patrimonio cultural vinculado coa auga.**
- **Adquirir coñecementos teóricos e prácticos de cómo favorecer a conservación do patrimonio etnográfico, o coidado dos espazos medioambientais e protexer os ben materiais que nos rodean.**
- **Coñecer o aproveitamento da auga. Enerxía hidráulica e regadío.**
- **Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, a hixiene e a saúde.**
- **Vivir e experimentar a natureza para sentila máis próxima e para aprender a valorala e respectala.**

5. CONTIDOS

Para acadar os obxectivos traballaremos unha serie de contidos que detallamos a continuación.

CONTIDOS
Os muíños e as súas características. Forza para movelos.
A importancia da auga como enerxía hidráulica e como regadío.
Fervenzas, fontes termais, lavadoiros e corgos.
O trigo como alimento indispensable nos muíños e no día a día. Outras alternativas ao trigo para as alerxias.
Aproveitamento das plantas da beira do río. Xuncos e o seu tecido.
Mochila viaxeira sobre o tema.
Memoria fotográfica.
Caderno actual dos nosos traballos e procesos.
Especies foráneas e especies autóctonas da zona. Tanto dende o punto de vista da fauna como da flora.
Material reutilizable para favorecer a conservación do medio no que vivimos. A nosa horta. Rego e coidados.

6. A CONTRIBUCIÓN DESTE PROXECTO Á EDUCACIÓN

Dende o punto de vista do currículo de educación infantil, temos que dicir que este proxecto axudará a que o noso alumnado acade os obxectivos necesarios para a súa consecución, tanto dos obxectivos mínimos como das competencias clave. Deste xeito, este proxecto que queremos levar a cabo o vindeiro curso, favorece significativamente unha vida saudable e axuda a que o alumnado sexa competente na conciencia e expresións culturais, xa que, hai que ter en conta que imos traballar, sobre todo os contidos vinculados ao noso entorno. Tamén a competencia lingüística xa que o alumnado vai traer información da casa e a van comunicar. Finalmente, e sen dúbida van aprender a aprender, xa que: iniciando ás criaturas no pensamento científico e

potenciando habilidades de investigación: formulando hipóteses, recoñecendo evidencias, observando, formulando interrogantes, descubriendo alternativas, verificando, predicando, xerando novas ideas e solucións, serán eles mesmos os protagonistas dos seus descubrimentos e de acadar a aprendizaxe.

7. METODOLOXÍA

En relación ao traballo co alumnado a metodoloxía será consecuente coa que levamos a cabo no traballo diario na aula é dicir, en función de catro principios metodolóxicos esenciais:

Globalización: partiremos da realidade próxima ó neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas.

- De actividade: activ@s por natureza, necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír os seus esquemas cognitivos.
- De actividade lúdica: O xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.

Pedagogía do éxito: seguindo as teorías de Vigotsky nunca debemos propoñer actividades que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, pois pretendemos que vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros.

En canto ao plan de traballo, en primeiro lugar observaremos as diferentes legumes, tanto as máis coñecidas como as que non son tan habituais na nosa mesa, visitando os lugares onde son máis comúns, grazas ás novas tecnoloxías coas que contamos no nosos centro. Combinaremos esta ensinanza con diferentes actividades de traballos manuais.

Cada sesión que dediquemos a esta temática, contará con unha parte visual, tanto de un vídeo que nos axude ao que imos aprender, un conto, unha canción... Tamén contaremos con unha parte práctica y outra parte de debate e reflexión na que o alumnado opinará e tomará decisións colectivamente e que estes anos xa o levamos a cabo e resultou unha parte moi positiva. Neste caso será moi útil para saber os

coñecementos previos do alumnado, os seus beneficios e tópicos sobre as mesmas. Non podemos esquecer que nos atopamos no segundo ciclo de educación infantil e primeiro ciclo de primaria. Polo que, baseándonos nos principios metodolóxicos esenciais, desenvolveremos distintos xogos para facer a actividade máis atractiva de cara aos nenos e nenas.

Neste proxecto, tanto a teoría coma a práctica, terá como base a creatividade e a cooperación e a reciclaxe como principal recurso.

8. ACTIVIDADES

Como o eixe fundamental dentro da planificación educativa do proxecto da conservación dos bens materiais, preservando o noso patrimonio etnográfico e máis concretamente os que temos máis preto do noso centro: muíños, fervenzas, fontes medicinais, corgos e lavadoiros, preténdense que as actividades que se desenvolvan, interveñan de xeito transversal con todas as materias curriculares.

(O planing de actividades ven desenrolado ó final do proxecto)

9. PLAN DE AVALIACIÓN

Por un lado os nenos/as autoavaliaranse respondendo a un cuestionario onde poñerán con caras contentas e tristes o seu agrado ou desagrado de cada sesión, e por outro lado, os mestres/as avaliaremos: si se cumpriron os obxectivos que nos propuxemos, si eran os máis adecuados, si os contidos traballados eran suficientes, si os materiais utilizados eran os apropiados... en cada unha das actividades propostas. Logo **trimestralmente** farase unha reunión cos coordinadores de ciclo faremos unha posta en común das nosas opinións de mellora e actuación do Plan , que na memoria final do centro quedarán reflectidas e levadas a cabo no plan do vindeiro ano. En definitiva constatando os nosos éxitos e erros para buscar plans de mellora para o noso proxecto.

10. PRESUPOSTO:

CONCEPTO	IMPORTE
<u>Material de papelería</u> (folios, papeis de cores, Cartolinas, lápices de cores, plastilina, diferentes tipos de papeis, acuarelas, témperas....)	200€
<u>Bibliografía</u> alusiva ao tema	160€
<u>Material didáctico multimedia</u> referente ao noso patrimonio cultural vinculado á auga, para empregar nos EDI, ordenadores e tablets.	50€
<u>Obradoiro de pan</u> , onde veremos o proceso do pan dende o momento da recollida do trigo ata que o podemos degustar.	275€
<u>Material para o horto</u> (terra, ferramentas, sementes, macetas, mangueirasregadeiras...)	350€
Visita guiada por unha das rutas dos muíños Que os nosos concellos teñen, onde veremos de primeira man o traballado na clase, incluíndo o proceso de moer o trigo.	650€
TOTAL:	1685€

11. ACTIVIDADES

En canto as actividades dividímolas en dous grupos, por unha parte, as que levamos a cabo ao longo de todo o curso e por outra parte as que traballamos propiamente en cada trimestre. Para iso votaremos mans de varios recursos dispoñibles no centro ou faremos posible contar con eles para o bo funcionamento do proxecto:

- Presentacións power point
- Fichas imprimibles
- Manualidades
- Actividades EDI
- Actividades LIM
- Material reciclable e reutilizable
- Obradoiros por parte de profesionais
- Slideshare
- Presentacións con diferentes programas: movie maker, smilebox, vivavideo...

11.1 ACTIVIDADES DURANTE TODO O CURSO

1ª Actividade anual: PLAN DE RECICLAXE

A nosa ecomascota seguirá contándonos o importante de levar acabo este tipo de actividades, valorando a saúde da natureza en xeral e da propia en particular.

2ª Actividade: COMIDA SANA

Continuaremos coa importancia que ten unha alimentación san, con produtos o máis naturais posibles e beneficiosos para a saúde, entre as que se atopan as legumes.

3ª Actividade: A MOCHILA ECOLÓXICA

Seguiremos a facer uso dunha mochila que viaxa por cada escola e na que metemos libros relacionados co proxecto anual. Tamén pode disfrutar de xogos interactivos para que o alumnado poida disfrutar na súa casa nun prazo dunha semana. O material de cada mochila renovarase cada trimestre.

11.2 ACTIVIDADES PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE

SECUENCIACIÓN	NOME DA ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
Mes de novembro	Mediante unha choiva de ideas saberemos os coñecementos previos sobre os bens materiais do noso patrimonio cultural vinculado coa auga.	-Facilitar a aprendizaxe con actividades que relacionen os coñecementos previos cos novos ampliando os mesmos a partir da experiencia.
Novembro	LANDART CELTA con diferentes materiais naturais do medio que nos rodea.	-Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubriendo as súas leis para aproveitar as súas riquezas.
Novembro	Comezaremos un inventario de muíños, fervenzas, corgos, lavadoiros e fontes medicinais do entorno.	-Apreciar a importancia dos bens materiais para a conservación do patrimonio etnográfico. -Coñecer no entorno o patrimonio cultural vinculado coa auga.
Decembro	Poñeremos a andar a Mochila ecolóxica polas escolas do CRA.	-Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubriendo as súas leis para aproveitar as súas riquezas. -Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.

11.3. ACTIVIDADES PARA O SEGUNDO TRIMESTRE

SECUENCIACIÓN	NOME DA ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
Xaneiro	Identificaremos a fauna e flora dos nosos ríos e intentaremos atopar algunha especie invasora. Buscar posibles solucións.	-Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar. -Vivir e experimentar a natureza para sentila máis próxima e para aprender a valorala e respectala.
Xaneiro-febreiro	A nosa plantación. Levaremos a cabo a sementeira do CRA coñecendo a utilidade para a propia terra.	-Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubriendo as súas leis para aproveitar as súas riquezas. -Fomentar o traballo en equipo
Febreiro	Comezaremos a elaboración de un catálogo de especies invasoras nos ríos.	-Fomentar o traballo en equipo. -Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.
Febreiro	Aproveitamento das plantas da beira do río. Obradoiro de tecido de xuncos.	-Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.
Marzo	Coñecer o patrimonio termal da zona: Caldelas (Vedra) e Donas (Boqueixón).	-Apreciar a importancia dos ben materiais para a conservación do patrimonio etnográfico. -Coñecer no entorno o patrimonio cultural vinculado coa auga. -Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, a hixiene e a saúde.
Marzo	Experimentamos no CRA: condución da auga con canas e movemento da mesma.	-Facilitar a aprendizaxe con actividades que relacionen os coñecementos previos cos novos ampliando os mesmos a partir da experiencia. -Coñecer o aproveitamento da auga. Enerxía hidráulica e regadío.
Abril	Con motivo do día do libro traballaremos o libro "Cantarolas" de D. Xosé Neira Vilas e concretamente o poema "Subiote".	-Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.

11.4. ACTIVIDADES PARA O TERCEIRO TRIMESTRE

SECUENCIACIÓN	NOME DA ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
Abril	Aproveitaremos as plantas da beira do río para a música elaborando uns “chiflos” cos “alcacén”.	-Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar. -Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubriendo as súas leis para aproveitar as súas riquezas.
Abril	A nosa riqueza da auga ao servizo da saúde. Coñeceremos os beneficios que nos aportan diferentes plantas que temos á beira do río (ventabré...) e na medida do posible visitaremos as fontes medicinais que temos en ámbolos dous concellos. Descubriremos os seus usos medicinais.	- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, a hixiene e a saúde. - Apreciar a importancia dos bens materiais para a conservación do patrimonio etnográfico. -Coñecer no entorno o patrimonio cultural vinculado coa auga. -Vivir e experimentar a natureza para sentila máis próxima e para aprender a valorala e respectala.
Maio	Levaremos a cabo unha das rutas dos muíños que temos nos concellos aos que pertence o CRA. Nesta saída desfrutaremos dalgunhas das fermosas fervezas que temos no entorno máis próximo e ata poderemos visualizar o proceso de moer nun dos muíños que aínda están en activo.	-Valorar o ambiente, respectar e amar a natureza descubriendo as súas leis para aproveitar as súas riquezas. - Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, a hixiene e a saúde. -Apreciar a importancia dos bens materiais para a conservación do patrimonio etnográfico. -Coñecer no entorno o patrimonio cultural vinculado coa auga. -Vivir e experimentar a natureza para sentila máis próxima e para aprender a valorala e respectala.
Xuño	Levaremos a cabo un obradoiro sobre o pan para ver todo o proceso. Por unha parte faremos pan de trigo e tendo en conta as numerosas alerxias que hoxe en día temos nos centros, tamén traballaremos con outros cereais.	-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar, a hixiene e a saúde.